

FIN DA EMERXENCIA DE SAÚDE PÚBLICA DE IMPORTANCIA INTERNACIONAL POR MPOX

A mpox é unha zoonose viral causada por un virus do xénero *Orthopoxvirus*, do cal existen dous clados distintos, o I e II, este último menos virulento. Produce síntomas parecidos aos da variola (febre e erupción papulopustular) e soe cursar coma unha enfermidade autolimitada con recuperación espontánea ás poucas semanas, aínda que nalgúns casos pode agravarse con complicacións coma encefalite, bronconeumonía ou lesións farínxeas comprometedoras da vía aérea. A vía de transmisión é o contacto físico estreito persoa a persoa, producíndose a maior parte dos casos no contexto de relacións sexuais e, en menor medida, no ámbito doméstico e sanitario.

En maio de 2022 declarouse un abrocho global que leva causado [máis de 160.000 casos a nivel mundial](#) e que supuxo a declaración dunha Emerxencia de Saúde Pública de Importancia Internacional (ESPII) que se mantivo vixente ata maio de 2023.

Posteriormente, a aparición dunha nova variante do virus (clado Ib) asociouse a unha maior transmisibilidade e letalidade nas rexións endémicas, levando á declaración doutra ESPII o 14 de agosto de 2024. Dende entón detectáronse casos de mpox debidos ó clado Ib en [varios países da UE](#) e no [Reino Unido](#), a maioría vinculados a viaxes a zonas endémicas, sen que se asociasen a unha maior transmisibilidade ou gravidade. Na reunión do Comité de

Emerxencias do Regulamento Sanitario Internacional, celebrada o 4 de setembro deste ano, [determinouse que a mpox xa non supuña unha ESPII](#).

Dende agosto de 2024 notificáronse en Galicia 6 casos de mpox, todos en homes, a maioría asociados á vía de transmisión sexual (apéndice) e ao clado IIb, salvo un caso do cal non se obtivo o serotipo. Esta situación é similar á que se viña detectando previamente á última ESPII, e que foi detallada [nun informe previo da Dirección Xeral de Saúde Pública \(DXSP\)](#). Ademais, o pasado 23 de setembro declarouse en [España](#) o primeiro caso de mpox debido ao clado Ib, nun residente da Comunidade de Madrid con antecedente de exposición de risco durante unha viaxe a Tanzania.

Tras a fin da ESPII, a DXSP continuará a incluír a mpox dentro da vixilancia das infeccións de transmisión sexual, como viña realizando, e continúa vixente a recomendación de [profilaxe pre e post-exposición mediante a vacinación contra a variola](#) nos contactos estreitos e colectivos de especial risco. Ademais, cómpre recordar que os casos de mpox de especial gravidade (que presenten algunha das complicacións descritas), en persoas procedentes de [áreas endémicas asociadas](#) ao clado Ib ou que pertencen a este son de declaración urxente ó SAEG.

CAMPAÑA DE VACINACIÓN DA GRIPE 2025/26: NOVIDADES

Entre o 29 de setembro e o 31 de decembro levarase a cabo a [campaña de vacinación antigripal 2025/2026](#), que este ano incorpora dúas novidades, a ampliación da vacinación con vacina de alta carga (Effluelda) ao grupo de 70 anos en diante, e a vacinación intranasal infantil ata os 11 anos.

A vacina antigripal de alta carga foi deseñada para xerar unha resposta inmune máis intensa fronte ao virus da gripe, o cal é especialmente importante nas persoas maiores de 70 anos, nas cales o sistema inmunitario podería ter unha resposta menos eficaz. Da súa introdución neste grupo agárdase unha maior protección contra infeccións graves e hospitalizacións, contando co aval dos resultados do [estudo GALFLU](#), no cal participou a DXSP e que veñen de publicarse no [NEJM](#), mostrando unha redución da hospitalización por gripe que podería chegar a ser de preto do 32%. Esta ampliación é posible grazas a adquisición da vacina a través dun acordo de risco compartido baseado en resultados de

saúde, un modelo innovador de compra empregado por primeira vez no ámbito das vacinas.

No caso da extensión da vacinación antigripal infantil ata os 11 anos, ten como principais obxectivos aumentar a protección contra casos graves nesta poboación, diminuír a transmisión comunitaria da gripe, dado o papel "supercontaxiador" deste grupo poboacional e protexer ás persoas vulnerables. Empregarase a vacina intranasal, máis aceptable e doada de administrar, o que facilita a mellora da cobertura vacinal. Ademais, en colaboración coa Consellería de Educación, realizarase un [programa piloto de vacinación escolar](#) en 55 colexios galegos abrangendo unha poboación de 19000 nenos e nenas, para a cal se estableceu un obxectivo de cobertura do 70%. A vacinación levarase a cabo por equipos de enfermaría que se desprazarán aos centros para realizala.

APÉNDICE




Figura 1. Casos de mpox en Galicia da semana 33/2024 á 35/2025, segundo mecanismo de transmisión.